ANTECEDENTES

PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS NA UNIÓN EUROPEA
Dirección Xeral de Xusticia, Comisión Europea

1. Contexto

A protección de datos persoais é un dereito fundamental na Unión Europea. "Toda persoa ten dereito á protección dos datos de carácter persoal que lle concernen" segundo a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea.

A información e os datos persoais recóllense e empréganse en moitos ámbitos da vida cotiá, por exemplo, na apertura dunha conta corrente, na inscrición nun ximnasio, nunha reserva de voo, cando solicitamos unha tarxeta de crédito ou nas tarxetas de fidelidade nas tendas etc.

2. ¿Qué son os datos persoais?

Os "datos persoais" son cualquera información persoal que pode ser usada para identificar directa ou indirectamente a unha persoa física, como un nome, un número de teléfono, un enderezo de correo electrónico, un lugar, unha data de nacemento etc.

3. ¿Cales son os dereitos das persoas físicas?

Cando se procesan os datos persoais de persoas físicas, as leis garanten uns dereitos, como:

- O dereito a ser informado de que os datos persoais se tratarán nunha linguaxe clara e comprensible.
- O dereito a ter acceso aos propios datos.
- O dereito a rectificar cualquera información errónea o incompleta.
- O dereito, nalguns casos, a opoñerse ao tratamento por motivos lexítimos.
- O dereito a non ser sometido a unha decisión automática de avaliación de determinados aspectos persoais, como a situación laboral, o crédito, a fiabilidade e o comportamento.
- O dereito á indemnización, por parte do responsable de protección de datos, polos danos que sufra etc.

4. ¿Cales son as obrigas do responsable de protección de datos?

As obrigas dun responsable de tratamento de datos (é decir, unha entidade, xa sexa pública ou privada encargada do tratamento de datos persoais, por exemplo, un médico, unha empresa, un club deportivo, unha administración pública etc.) son as siguientes:

- Garantir que os dereitos se respeten (é dicir, informar e dar acceso aos seus datos).
- Garantir que os datos se recollen só con fins determinados, explícitos e lexítimos, que se manteñen exactos, e cando sexa necesario actualízanse, durante un período non superior ao necesario.
- Garantir a observación dos criterios de lexitimación do tratamento de datos, por exemplo, cando unha persoa dá o seu consentimento, asina un contrato ou ten obrigas legais etc.
- Confidencialidade no tratamento.
- Seguridade no tratamento.
- Notificación á autoridade de protección de datos, só nalguns casos.
- Garantir que, cando a transferencia de datos se produce a países fóra da UE, estes países garantan un nivel adecuado de protección.

5. ¿Qué pode facer unha persoa se se vulneran os seus dereitos?

Pode presentar unha denuncia ante as Autoridades de Protección de Datos (APD) existentes en todos os estados membros, que son as responsables de asegurar que os dereitos e as obrigas sexan respetadas. Ademais, son competentes para atender as reclamacións e ordenar o cesamento no tratamento dos datos. As persoas teñen á súa disposición un recurso xudicial no caso de vulneración dos dereitos e das obrigas garantidas polo Dereito nacional.

O supervisor europeo de protección de datos encárgase do seguimento das operacións de tratamento de datos levadas a cabo polas institucións ou polos organismos comunitarios.

6. A lexislación europea de protección de datos de carácter personal

Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro de 1995 (a Directiva de Protección de Datos) harmoniza os dereitos nacionais que requiren as prácticas de xestión de alta calidade por parte dos responsables de tratamento de datos e as garantías dunha serie de dereitos das persoas.

A Directiva 2002/58/CE sobre a privacidade e as comunicacións electrónicas do 12 de xullo de 2002, garante o tratamento de datos persoais e a protección da privacidade nas comunicacións electrónicas.

Regulamento 45/2001 sobre a protección das persoas con respecto ao tratamento de datos persoais polas institucións e polos organismos comunitarios e libre circulación destes datos, do 18 de decembro de 2000, que regula o tratamento de datos persoais polas institucións e polos órganos comunitarios.

Para máis información, pode consultar a páxina web da Comisión Europea

7. A revisión das normas europeas de protección de datos

A Directiva de 1995 sobre a protección de datos establece un fito na historia da protección de datos persoais na Unión Europea. A Directiva considera dúas das ambicións máis antigas e igualmente importantes do proceso de integración europeo: a protección dos dereitos e das liberdades fundamentais das persoas e, en particular, o dereito fundamental á protección de datos, por unha parte, e a unificación do mercado interior, a libre circulación de datos personais neste caso, polo otro.

15 anos despois, mantense este dobre obxectivo e os principios considerados na Directiva seguen a ser sólidos, aínda que:

• Os avances tecnolóxicos e a globalización cambiaron, profundamente, o contorno e trouxeron consigo novos retos para a protección de datos personais. Hoxe en día, a tecnoloxía permite ás persoas difundir información, de xeito doado, sobre o comportamiento e as preferencias, facela pública e dispoñible a nivel mundial nunha escala sen precedentes.
• Na actualidade, os datos persoais poden ser recollidos e tratados de forma máis sofisticada e máis difíciles de revelar. A Carta dos dereitos fundamentais da UE considera o dereito á intimidade e á protección de datos persoais. Estes dereitos enfréntanse a máis riscos a medida que aumenta a actividade na rede.
• Coa revisión da lexislación europea de protección de datos persoais, a Comisión Europea pretende superar estes retos a nivel europeo e garantir un elevado nivel de protección e libre circulación de datos persoais na UE.

8. ¿Quén se beneficiará e como?
Cuando se aplique a proposta da Comisión Europea, beneficiará:

• As persoas, que verán os seus dereitos fortalecidos e os seus datos persoais mellor protexidos na UE.
• Todas as organizacións que procesen os datos personais, tanto públicas como privadas, que se beneficiarán dunha aplicación de normas comunitarias sobre a protección de datos personais máis clara e coherente e con menos burocracia.

9. **¿Cómo se empregan os resultados desta enquisa?**

Tras o exhaustivo procedemento de revisión e consulta os interesados, a Comisión Europea decidirá, en base a unha avaliación de impacto, a posibilidade de propoñer unha nova lexislación. A avaliación de impacto analizará a situación actual e as posibles actuacións que poderían achegar mellores resultados.
Os resultados desta enquisa empregaranse no proceso da análise da avaliación de impacto e achegaranse como elemento clave no proceso de decisión. A Comisión Europea confire moito valor ao impacto ou ás propostas sobre as pemes, para detectar e evitar, na medidade do posible, calquera carga administrativa excesiva. As pemes, debido ao seu tamaño, poden ter unha perspectiva particular sobre o impacto na materia de protección de datos.

Grazas polo tempo dedicado por participar nesta consulta.

CEG
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
Servicio de Información Europea
Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
http://www.ceg.es
Tel.: +34 981 555 888. Fax: +34 981 555 882. E-mail: euroinfo@ceg.es

enterprise europe network
Conecte su empresa a Europa